

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 \* 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

**Ritos, obxectos, crenzas varias..**

**CATEGORÍAS RELACIONADAS**

## *A fonte da Mina da Lagariza*

En Lagariza, Vilar de Ortelle, concello de Pantón (Lugo) hai unha fonte encantada situada na aba dun monte coroadado por un castro e coñecida como Fonte da Mina. Esta fonte agacha, debaixo da pía da auga, un tesouro importante gardado por unha cadea de ouro rodeada de lume. Quen queira facerse co tesouro ten que desencantalo desta maneira: debe cubrirse cunha saba branca enchoupada en alcohol e logo tirarse ao medio do lume para que se apague. Sábese que houbo xente que o intentou pero que no momento final recuou; e mellor foi así pois se fallase, se o fixese mal, toda aquela montaña se derrubaría e chegaría rodando ata o río Miño. [Texto elaborado a partir da información achegada por unha descendente da Casa de Lagariza, Vilar de Ortelle, Pantón (Lugo)]